



SI

A Sociedade da Información nos
fogares galegos

Ano 2019

XUNTA DE GALICIA

Edita: Xunta de Galicia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)

Lugar: Santiago de Compostela

Ano: 2020

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons 3.0 Spain Attribution/No Comercial. Compartir baixo a mesma licencia dispoñible en:

<http://creativecommons.org/licenses/by-nc-sana/3.0/deed.gl>

A Sociedade da Información nos fogares galegos

Ano 2019

Observatorio da Sociedade da Información e a
Modernización de Galicia (OSIMGA)

Xunta de Galicia

Presidencia

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia
(Amtega)

Santiago de Compostela

2020

ÍNDICE DE CONTIDOS

INTRODUCCIÓN	4
I. Fogares con dispositivos electrónicos	6
II. Fogares con Internet contratado	15
III. Persoas que utilizaron os dispositivos electrónicos nos últimos tres meses.....	27
IV. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses	37
V. Persoas que adquiriron algún ben o servizo a través de Internet ...	49
VI. eAdministración	60
Conclusiones	70
Índices de gráficas, mapas e táboas	72

INTRODUCCIÓN

Este estudo foi elaborado no marco do convenio de colaboración asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega) e o Instituto Galego de Estatística (IGE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nos fogares galegos. O acordo de colaboración permite evitar a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.

No presente informe recóllense os resultados dos principais indicadores da Sociedade da Información nos fogares galegos, elaborados polo Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega). Este organismo é o responsable de realizar o procesamento estatístico e a análise que se presenta neste Diagnóstico, que forma parte das iniciativas impulsadas pola Axenda Dixital 2020 da Xunta de Galicia.

Medición da evolución das TIC nos Fogares

A información que se amosa neste diagnóstico procede dun módulo da Enquisa Estrutural de fogares. No ano 2019 a enquisa recolleu información de 7.813 fogares nos que residise cando menos unha persoa de 16 a 74 anos. Abrangue así un total de 15.952 persoas de 16 a 74 anos de idade.

O diagnóstico constitúe unha síntese dos resultados da evolución da Sociedade da Información en Galicia, a través do equipamento e usos das TIC nos fogares galegos nos que residen persoas de 16 a 74 anos de idade. En concreto, ofrécese información sobre a dispoñibilidade de ordenador e outros dispositivos electrónicos, Internet contratado e banda larga. Ademais, avalíase a utilización do ordenador e Internet por parte das persoas, a adquisición dalgún ben ou servizo a través de Internet e o uso da administración electrónica.

A enquisa achega datos desagregados por subconxuntos de idade, sexo, hábitat, número de membros do fogar, convivencia no fogar con nenos/as, ingresos do fogar, nivel de estudos e situación socio-laboral, obtendo unha perspectiva comparativa dos diferentes contornos socioeconómicos que coexisten en Galicia.

The background image shows a silver laptop and a tablet on a white desk. A large blue geometric overlay with various shades of blue and white shapes covers the bottom half of the image. The text is placed within this overlay.

III. FOGARES CON DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS

O ordenador portátil está presente en máis da metade de fogares galegos.

O 74,6% dos fogares galegos posúen un dispositivo electrónico (ordenador de sobremesa, ordenador portátil, Tablet ou PDA). Nos fogares galegos con nenos/as en idade escolar esta presenza de ordenadores incrementase ata o 93,3%



I. Fogares con dispositivos electrónicos

O equipamento tecnolóxico, comprendendo ordenadores, tanto de sobremesa como portátiles, tablets ou PDA, seguiu incrementándose nos fogares galegos en 2019. Se no 2018 un 73% dos fogares galegos dispoñían de computador, no transcurso dun ano este indicador elevouse case dous puntos, outorgando como dato que o 74,6% dos fogares galegos dispoñen deste tipo de equipamento tecnolóxico.

Tal e como se comentara en edicións anteriores deste estudo, este incremento non ocorre só en Galicia, a nivel nacional o incremento foi do 1,4 puntos no mesmo período. Todos estes indicadores non fan outra cousa que corroborar a importancia que ten este tipo de equipamento para a sociedade actual independentemente do territorio que se nutre, cada vez máis, de variedade de dispositivos, como se detallará máis adiante.

G.1. Fogares con Ordenadores



Base: Total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos

Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

G. 2. Evolución dos fogares con ordenadores e Comparativa coa Media Estatal e Europea




Incremento no período 2016 - 2019

Galicia: 5,7% España: 4,9%

Fogares con ordenadores Evolución Galicia


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE(2016-2019)

Fogares con ordenadores Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2016-2019)


Nota: non se dispón de datos europeos para o ano 2016, 2018 e 2019. A súa periodicidade non concorda cos datos para España e Galicia.

O Ordenador portátil é o dispositivo con máis presenza nos fogares galegos. O 59.1% dos fogares dispoñen deste tipo de ordenador no 2019. Esta porcentaxe é 0,9 puntos superior á de 2018.

Ocupa o segundo posto a PDA ou tablet, dispoñible nun 41,8% das vivendas en Galicia, superando xa ao ordenador de sobremesa tal e como se veu observando en anteriores edicións.

G. 3. Fogares con ordenadores segundo o dispositivo

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Tendo en conta a distribución por provincias, outro ano máis, nos fogares da Coruña obsérvase unha maior presenza de ordenadores. Nesta ocasión no 77,4% dos fogares coruñeses declaran que teñen ordenador, un 2,4% máis que na edición de 2018. En segundo lugar sitúanse os fogares de Pontevedra, que en 2019 experimentaron o crecemento máis elevado na CCAA respecto a 2018. Un 76,6% dos fogares pontevedreses teñen ordenadores, un 3,7% máis que no ano 2018. A continuación situaríanse os fogares de Lugo, onde a presenza de computadores (sobremesa, portátiles ou PDAs e tablets) é dun 68,1% e por último os de Ourense, co 65,1%.

G. 4. Fogares con ordenadores segundo a provincia de residencia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O tamaño do municipio de residencia incide de xeito significativo na dispoñibilidade de ordenadores nas vivendas, sendo as vivendas situadas nos concellos de máis de 20.000 habitantes as que acadan porcentaxes superiores ás da media autonómica, mentres que nos concellos de menor poboación, descende a presenza de ordenadores ata o 56,5%.

G. 5. Fogares con ordenadores segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA+IGE (2019)

Nas áreas da bisbarra de Pontevedra (82,3%). Santiago (82,1%), A Coruña (81,2%) e Vigo (80,9%) reafírmanse os datos anteriores, xa que as zonas onde existen núcleos con maior poboación cóntase con maior presenza de ordenadores.

G. 6. Fogares con ordenadores segundo a Área


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

No mapa pódese apreciar que a maior presenza de ordenadores sitúase en áreas próximas a zonas urbanas como Santiago, Pontevedra, Vigo; Ferrol ou A Coruña. Tamén aparece no mapa, a contorna da cidade de Ourense, case ao nivel das anteriores.

M.1. Mapa de Fogares con ordenadores segundo a Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Analizando de xeito individualizado os valores para os sete concellos con maior poboación de Galicia, todos eles superan a media autonómica (74,6%), situándose en Vigo (84,2%) e Santiago de Compostela (83,3%) como as cidades con maior porcentaxe de dispositivos electrónicos (computadores de sobremesa, portátiles, tablets e PDAs) da Autonomía pero situándose todos eles nun rango moi estreito de valores en que unicamente Ferrol non acada o 80%.

G. 7. Fogares con ordenadores nos Concellos con maior poboación

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O número de persoas que conviven no fogar tamén amosa ser un factor que incrementa a dispoñibilidade de ordenadores, acadando os seus máximos valores nos fogares de 4 membros e de 5 ou máis, superando o 90%.

G. 8. Fogares con ordenadores segundo o número de persoas no fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O volume de ingresos do fogar tamén incide de xeito directo neste indicador, de xeito que nos fogares onde as rendas son máis altas, dispónse de ordenador no 95% dos casos, mentres que nos de menor volume de ingresos descende ata o 39,1%.

G. 9. Fogares con ordenadores segundo volume total de ingresos no fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A presenza de menores en idade escolar repercute de xeito positivo tamén na dispoñibilidade de ordenadores no fogar, destácase que o 93,3% das vivendas onde conviven menores de 3 a 16 anos posúen ordenadores, fronte ao 68,7% onde non residen rapaces destas idades.

G. 10. Fogares con ordenadores segundo a convivencia con nenos / as

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)



II. FOGARES CON INTERNET CONTRATADO


O 88,1% dos fogares galegos contan con Internet contratado, o que supón un incremento do 2,9% respecto ao ano 2018. No último ano incrementouse nun 81,7% os fogares que contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 100 Mbps, acadando así o 23,8%.



II. Fogares con Internet contratado

O 88,1% dos fogares contan con Internet contratado, o que supón un incremento do 2,9% respecto ao último dato obtido no ano 2018. Como ocorría en anos anteriores, novamente o tipo de conexión é, na súa totalidade, de banda larga, xa que a velocidade de conexión a Internet acada sempre velocidades iguais ou superiores a 1Mbps.

G. 11. Fogares con Internet contratado



Base: Total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos
 Fonte: OSIMGA + IGE (2019)


A evolución de fogares con Internet contratado en Galicia presenta un ascenso superior ao observado a nivel europeo e moi semellante aos datos do Estado, acadando un incremento do 11,9% no período 2016-2019.



Incremento no período 2016 - 2019
Galicia: 11,9% España: 11,6% UE: 5,9%

G. 12. Fogares con internet contratado. Evolución Galicia


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

G. 13. Fogares con internet contratado. Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2016-2019)

Novamente as provincias de Pontevedra e Coruña contan cun desenvolvemento TIC superior, ao amosar maior porcentaxe de fogares con conexión a Internet contratado, mentres que os fogares das provincias de Lugo e Ourense sitúanse por debaixo da media na Autonomía (88,1%).

G. 14. Fogares con Internet contratado segundo a provincia

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Os fogares situados nos hábitats máis poboados acadan porcentaxes superiores de contratación de Internet, por enriba do 90% nos concellos de máis de 20.000 habitantes.

G. 15. Fogares con Internet contratado segundo o tipo de hábitat

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

En liña cos datos anteriores, nas áreas circundantes ás grandes cidades da provincia da Coruña é onde maior porcentaxe de fogares con Internet contratado se aprecia, un 92,2% na área de Santiago e un 91,6% na área da Coruña.


G. 16. Fogares con Internet contratado segundo a Área

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

M.2. Mapa de Fogares con Internet contratado segundo a Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

No caso de fogares con Internet contratado nos sete concellos de maior poboación, destaca o feito de que todos os concellos, exceptuando Ferrol, superan o 90% de fogares conectados.

G. 17. Fogares con Internet contratado nos 7 concellos de maior poboación

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O número de persoas que residen no fogar repercute na contratación da internet. En Galicia os fogares con máis de 4 ou máis de 5 membros son os que amosan a maior porcentaxe de contratación -98,6% e 98,5% respectivamente-. Na outra banda, os fogares unipersoais nos que a porcentaxe de acceso a Internet contratado é menor (72,5%) aínda que se aprecia un ascenso do 5,4% con respecto ao ano 2018.

G. 18. Fogares con Internet contratado segundo o número de persoas no fogar

(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A renda familiar é un factor que reflicte de xeito considerable na maior contratación de Internet, cun 99,3% de fogares con altos ingresos (máis de 3.500 euros) con Internet contratado.

G. 19. Fogares con Internet contratado segundo o volume total de ingresos no fogar


(% sobre o total de fogares onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A convivencia con nenos/as en idade escolar (dos 3 aos 16 anos) tamén incide nunha maior contratación de Internet, acadando unha porcentaxe do 99,0%, e reducíndose en 14,3 puntos porcentuais na aqueles fogares onde non residen nenos en etapa escolar.


G. 20. Fogares con Internet contratado segundo a convivencia con nenos / as



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

En canto á velocidade de conexión a Internet contratada, o 49% dos fogares con conexión a internet, contan cunha velocidade de 1 a 30 Mbps, seguida do 27,3% dos fogares con conexión de 30 a 100 Mbps, e finalmente o 23,8% dos fogares que contan cunha velocidade superior aos 100 Mbps. Cabe salientar o incremento do 81,7%, experimentado na porcentaxe de fogares con velocidade de conexión a Internet contratada superior aos 100 Mbps no último ano.


G. 21. Velocidade de conexión nos fogares



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O 51 % dos fogares galegos con conexión a internet contan cunha velocidade de Internet contratada superior aos 30 Mbps, o que supón un notable incremento respecto ao ano 2017, amosando a rápida evolución de velocidade nos fogares galegos.


G. 22. Velocidade de conexión superior a os 30 Mbps nos fogares



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

G. 23. Evolución da velocidade de conexión 2017-2019

(% sobre o total de fogares con conexión e onde reside unha persoa de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Os principais motivos que alegan os fogares galegos para non dispoñer de Internet é a percepción da falta de necesidade ou utilidade, con valores superiores ao 50%. Destaca tamén a falta de coñecementos para usalo, citada por un 44% dos fogares.

G. 24. Motivos polos que non dispoñen de Internet contratado

(% sobre o total de fogares sen conexión a Internet)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Na análise por provincias destaca o feito de que na de Ourense é onde resulta máis frecuente que os usuarios non contraten acceso a Internet na súa vivenda porque consideran que non o necesitan, en porcentaxes superiores ao 65%.

C.1. Motivos polos que no dispoñen de Internet contratado segundo a provincia

Provincia (%)					
Motivacións	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Total (%)
Non o necesitan	52,3%	51,7%	65,4%	50,0%	53,9%
Non o queren	35,4%	50,2%	59,2%	57,6%	48,5%
Non lles resulta útil	25,5%	37,1%	44,7%	48,7%	37,6%
Non o coñecen	21,5%	37,4%	32,7%	52,2%	35,1%
Teñen poucos coñecementos para usalo	40,1%	47,2%	50,2%	44,2%	44,1%
Custos altos do equipamento	12,5%	11,6%	10,0%	23,5%	15,3%
Custos altos de conexión	14,4%	13,2%	10,2%	25,5%	16,9%
Téñeno noutro lugar	3,8%	1,5%	1,0%	6,5%	3,8%
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	0,7%	2,0%	3,9%	3,2%	2,2%

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Cando o nivel de ingresos no fogar é menor, os custos tanto de conexión como de equipamento, son os motivos máis sinalados para non dispoñer de conexión a Internet contratado.

C.2. Motivos polos que no dispoñen de Internet contratado segundo a provincia

Volume total de ingresos no fogar (%)							
Motivacións	Menos de 601 €	Entre 601 € e 1.100 €	Entre 1.101 € e 1.800 €	Entre 1.800 € e 2.700 €	Entre 2.701 € e 3.500 €	Máis de 3.500 €	Total (%)
Non o necesitan	46,6%	55,3%	54,8%	53,7%	63,9%	60,6%	53,9%
Non o queren	37,0%	48,9%	47,1%	55,5%	65,6%	57,1%	48,5%
Non lles resulta útil	29,9%	37,9%	38,2%	41,0%	47,0%	30,4%	37,6%
Non o coñecen	27,0%	37,4%	32,7%	41,3%	40,2%	31,0%	35,1%
Teñen poucos coñecementos para usalo	42,4%	42,0%	43,5%	47,7%	55,1%	47,2%	44,1%
Custos altos do equipamento	30,0%	16,4%	11,0%	10,2%	19,3%	0,0%	15,3%
Custos altos de conexión	34,0%	18,7%	12,2%	10,0%	15,6%	3,5%	16,9%
Téñeno noutro lugar	5,0%	3,0%	5,2%	1,8%	2,2%	4,9%	3,8%
Non é posible contratar Internet no lugar onde está a súa vivenda	2,9%	1,6%	2,9%	1,1%	2,3%	8,9%	2,2%

Base: Fogares sen conexión a Internet

Fonte: OSIMGA + IGE (2019)



III. PERSOAS QUE UTILIZARON OS DISPOSITIVOS ELECTRÓNICOS NOS ÚLTIMOS TRES MESES


O 87,7% dos galegos utilizaron algún tipo de dispositivo electrónico nos últimos tres meses



III. Persoas que utilizaron os dispositivos electrónicos nos últimos tres meses

A porcentaxe de persoas que utilizaron dispositivos electrónicos os últimos tres meses incrementouse en 6 puntos porcentuais respecto ao ano 2018. Isto sitúa o indicador no 88,7%.


G. 25. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos tres últimos meses



Base: Total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

G. 26. Evolución do uso de dispositivos electrónicos nos tres últimos meses en Galicia.¹

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

¹ No ano 2017 produciuse un cambio metodolóxico neste indicador, incluíndo tamén o uso de Smartphone.

O uso de dispositivos electrónicos non rexistra diferenzas significativas con respecto ao sexo.

G. 27. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o sexo

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A distancia entre os usuarios máis novos e de maior idade respecto ao uso de dispositivos electrónicos é significativa, acadando o 99,4% de utilización nos de 16 a 24 anos fronte ao 53% no tramo de idade de 65 a 74 anos. Neste grupo de idade produciuse o incremento máis significativo no uso de dispositivos electrónicos con respecto ao ano 2018, medrando 13,3 puntos porcentuais.

G. 28. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a idade

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O nivel formativo incide directamente no uso do ordenador entre a poboación galega, de modo que a porcentaxe de usuarios de dispositivos electrónicos sitúase sempre por enriba do 85% entre as persoas con educación secundaria ou superior.

G. 29. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Estudantes e ocupados constitúen o grupo ocupacional que máis utiliza o ordenador e os móbiles, mentres que os xubilados/as úsano en valores próximos ao 57%.

G. 30. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a situación socio-laboral

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Novamente son as provincias da Coruña e Pontevedra as que se sitúan por enriba da media galega no uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses.

G. 31. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a provincia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O tamaño do hábitat tamén afecta directamente ao indicador do nivel de uso de dispositivos electrónicos, acadando a súa maior porcentaxe nos concellos de máis de 20.000 habitantes, con valores superiores ao 90%.

G. 32. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o tipo de hábitat


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)


As áreas da A Coruña (91,9%), Vigo (91,3%), Santiago (91,1%), e Pontevedra (91%) son as que contan con maior proporción de usuarios de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses. En contraposición, a área de Ourense Sur rexistra a porcentaxe máis baixa de uso de ordenador e móbiles, cun 71,9%.

G. 33. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a Área



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

M.3. Mapa de persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a Área




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Entre os 7 concellos con maior poboación de Galicia, A Coruña é o que conta cun maior uso de dispositivos electrónicos, cun 94,3%. En todos os casos, os grandes concellos de Galicia superan á media autonómica do 87,7%.

G. 34. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses nos 7 concellos con maior poboación

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

As persoas que conviven en fogares de catro membros son os que contan cun maior uso de dispositivos electrónicos nos últimos tres meses, cun 94,5%, incrementando o seu uso en 3,7 puntos porcentuais respecto ao ano anterior. En segundo lugar salientáanse as persoas que residen en fogares compostos por tres membros e máis de 5, superando o 89%.

G. 35. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o número de persoas no fogar

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O nivel de ingresos no fogar afecta directamente ao uso de dispositivos electrónicos. Cabe subliñar que existe unha maior utilización desta tecnoloxía en fogares con ingresos superiores, sendo as persoas que conviven nos fogares cun maior nivel de ingresos os que rexistran un maior nivel de uso de dispositivos nos últimos tres meses (93,7%).

G. 36. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo o volume total de ingresos no fogar


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A presenza de nenos en idade escolar obrigatoria no fogar tamén incide claramente no uso de dispositivos electrónicos por parte dos residentes, superando en 11,7 puntos porcentuais aos fogares onde non conviven nenos/as.

G. 37. Persoas que utilizaron dispositivos electrónicos nos últimos tres meses segundo a convivencia con nenos / as



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)



IV. PERSOAS QUE UTILIZARON INTERNET NOS ÚLTIMOS TRES MESES


Os usuarios de Internet nos últimos tres meses en Galicia incrementáronse nun 6,9% respecto ao ano anterior, acadando o 85,6%.



IV. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Os datos amosan, un ano máis, un crecemento continuo do número de internautas galegos/as, acadando xa o 85,6% da poboación de 16 a 74 anos en 2019 e experimentando un incremento de dun 6,9% respecto ao ano anterior.

G. 38. Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses



Base: Total de persoas
Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

No período 2016-2019, a evolución de persoas que utilizaron Internet nos tres últimos meses en Galicia é superior ao crecemento estatal e europeo. Así, Galicia incrementou o uso de Internet nos últimos tres meses nun 15,7% dende o ano 2016, fronte ao 12,5% do conxunto de España e o 4,9% da Unión Europea.


G. 39. Evolución do uso de internet nos tres últimos meses e Comparativa coa Media Estatal e Europea



Incremento no período 2016 - 2019
Galicia: 15,7%. España: 12,5%. UE: 4,9%

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses Evolución Galicia


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2016-2019)

Persoas que utilizaron Internet nos últimos 3 meses. Comparación Galicia, España e UE

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2016-2019)

A idade continúa a ser unha variable que afecta de xeito directo ao uso das TIC. A menor idade maior uso da Rede, acadando niveis de uso do 99,4% entre os máis novos. A comparativa entre Galicia e España amosa que, ata os 44 anos, Galicia converxe coa media estatal e mesmo a supera lixeiramente entre menores de 34 anos.

G. 40. Evolución do uso de internet por idades e Comparativa coa Media Estatal e Europea.

Persoas que utilizaron Internet nos últimos tres meses segundo idade Comparación Galicia / España

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A fenda de xénero no uso da internet entre os galegos e galegas segue a reducirse. Así, a diferenza que se aprecia entre os galegos e as galegas que utilizaron Internet no últimos tres meses é de 0,6 puntos porcentuais. Isto reflicte un crecemento importante do uso de Internet durante os últimos tres meses entre as mulleres galegas, concretamente dende o ano 2016, aumentou en 12,8 puntos fronte aos 10,4 puntos de incremento entre os homes.

G. 41. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo o sexo

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

G. 42. Evolución do uso de internet por sexo e Comparativa coa Media Estatal e Europea

Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Evolución Galicia


(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)



Mulleres que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Comparativa Galicia, España e UE

(% sobre mulleres de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2016-2019)

Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Evolución Galicia


(% sobre homes de 16 a 74 anos)



Homes que utilizaron Internet nos últimos tres meses

Comparativa Galicia, España e UE

(% sobre homes de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA -IGE - INE- EUROSTAT (2016-2019)

O nivel formativo salientase nunha maior porcentaxe de utilización de Internet, de xeito que a partir da segunda etapa da Educación Secundaria ou ensinanzas superiores, o uso de Internet supera o 97%.

G. 43. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo o nivel de estudos

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A análise en base á situación socio laboral indícanos que son os estudantes e ocupados os colectivos que máis utilizaron Internet nos últimos tres meses

G. 44. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo a situación socio-laboral

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A Coruña e Pontevedra son as provincias que acadan un maior uso de Internet nos últimos tres meses, superando ámbalas dúas a media autonómica.

G. 45. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo a provincia

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O uso de Internet continúa a incrementarse en todos os tipos de hábitat analizados, estando especialmente estendido nos concellos de máis de 50.000 habitantes, onde supera amplamente a media galega (85,6%) e acada unha porcentaxe do 91%. Cabe salientar, especialmente, o incremento de case 12 puntos porcentuais no uso de Internet experimentado polos concellos de ata 5.000 habitantes no último ano.

G. 46. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo o tipo de hábitat


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)


Respecto ás áreas xeográficas que posúen maior porcentaxe de usuarios de Internet, salientar as áreas metropolitanas da Coruña (90,4%), Santiago (89,7%) e Vigo (89,5%). No extremo contrario, sitúanse as áreas de Ourense Sur, Lugo Sur, e Lugo Oriental, con porcentaxes que non acadan o 72%.

G. 47. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo a Área



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)


M.4. Mapa de Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo a Área



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Todos os grandes concellos de Galicia superan a media autonómica (85,6%), sendo o concello de Lugo, cun 93,1%, o que rexistra a maior porcentaxe de usuarios de Internet nos últimos tres meses aínda que os rangos son bastante próximos en case todos.


G. 48. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses nos 7 concellos con maior poboación



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

A maior porcentaxe de usuarios de Internet sitúase nos fogares de 4 membros, onde se rexistra o máximo de 93,5%.


G. 49. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo o número de persoas no fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

Tal e como acontece con outros indicadores, o nivel de ingresos no fogar tamén constitúe un determinante á hora de utilizar a Rede, e nos fogares con rendas superiores a 1.800 € comeza a superarse a media autonómica.


G. 50. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo o volume total de ingresos do fogar



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

O feito de convivir ou non con nenos en idade escolar incide de xeito significativo nun maior uso de Internet. Na actualidade, a diferenza no uso da internet entre as persoas que viven en fogares con nenos en idade escolar e naqueles que non residen rapaces é de 13,8 puntos porcentuais.

G. 51. Persoas que utilizaron Internet nos últimos meses segundo se conviven con nenos/as




Fonte: OSIMGA + IGE (2019)


Entre os galegos/as que utilizaron Internet nos últimos tres meses, un 85,6% fano a diario e un 11,6% todas as semanas, en porcentaxes superiores á media estatal.

G. 52.Frecuencia de Uso de Internet

(% sobre persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)



III. PERSOAS QUE AQUIRIRON ALGÚN BEN OU SERVIZO A TRAVÉS DE INTERNET

Os mozos / as con idades comprendidas entre os 25 e 34 anos acadan unha maior porcentaxe de compra a través de Internet, concretamente, o 85,2% afirmaron comprar algún ben ou servizo a través da rede nos tres últimos meses.



V. Persoas que adquiriron algún ben o servizo a través de Internet

Tomando en consideración a porcentaxe de galegos / as entre 16 e 74 anos que utilizaron internet no último ano, o 40,9% adquiriu algún ben ou servizo a través de Internet. Esta porcentaxe incrementase se a nosa base é o total de persoas que compraron a través deste medio, acadando un 52% dos galegos / as adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet.

G. 53. Persoas que adquiriron algún ben o servizo a través de Internet²


Persoas que adquiriron algún ben o servizo a través de Internet nos últimos tres meses

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos que utilizaron Internet no último ano)



Persoas que adquiriron algún ben o servizo a través de Internet

(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



Fonte: OSIMGA + IGE (2019)

² Para a análise deste indicador tomamos dúas bases: **(1)** As persoas entre 16 e 74 anos que **utilizaron internet no último ano, e que compraron a través de Internet nos últimos tres meses**, acadando o 40,9%; e **(2)** a segunda as **persoas entre 16 e 74 anos que compraron na rede entre o total de internautas**, acadando o 52%. Esta última base será a que se utilice para todo a análise do capítulo.


G. 54. Evolución de persoas que adquiriron bens ou servizos a través de internet e Comparativa coa Media Estatal e Europea



Incremento no período 2016 - 2019
Galicia: 29,0%. España: 15,8%. UE: 11,1%

Persoas que adquiriron algún ben ou servizo a través de Internet Evolución Galicia


(% sobre o total de persoas de 16 a 74 anos)



